



16 DEC. 2016



M^{ra} del Carmen Seoane Bouzas

Bases específicas asistente social

BASES ESPECÍFICAS PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE ASISTENTE SOCIAL CON CARÁCTER INTERINO EN RÉXIME LABORAL, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS SOCIAIS.

1º.- **OBJECTO.**- Estas bases específicas teñen por obxecto regular o procedemento para a cobertura dunha praza de asistente social, vacante por baixa laboral, da escala de administración especial, subescala servizos sociais.

2º.- CARACTERÍSTICAS DA PRAZA.

- a) Denominación da praza: asistente social.
- b) Grupo: A2.
- c) Tipo de relación xurídica: persoal laboral.
- d) Funcións: as funcións propias da subescala de servizos sociais nun Concello, tales como redacción de informes, redacción de proxectos, plans, memorias, valoracións, etc.

3º.- SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Coristanco, o sistema selectivo será o de oposición.

4º.- TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA:

- Estar en posesión do título de graduado en traballo social ou equivalente (no caso de comunitarios ou estranxeiros a titulación haberá de estar convalidada polo Órgano competente).
- Estar en posesión do título CELGA IV ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditarse realizarase unha proba conforme ao establecido na base 6º.

5º.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

As solicitudes para participar no correspondente proceso selectivo haberán de axustarse ao modelo aprobado polo Concello de Coristanco. Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais.

6º.- PROCESO SELECTIVO.

1.- Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes de carácter obrigatorio e eliminatorio:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: Consistirá en contestar durante un período máximo de 30 minutos un cuestionario formulado polo Tribunal inmediatamente antes do seu comezo, composto por vinte preguntas tipo test do temario completo. Puntuación máxima 20 puntos.



16 DEC. 2016



A Secretaría
M^{de} del Carmen Seoane Bouzas

Bases específicas asistente social

SEGUNDO EJERCICIO, práctico: Realización dun suposto práctico relacionado coas materias específicas do temario. En función da maior ou menor complexidade do exercicio, o Tribunal determinará antes do seu inicio o tempo máximo para a súa realización, con carácter xeral para todos os aspirantes. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o Tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización. Puntuación máxima 30 puntos.

Nos exercicios obrigatorios e eliminatorios e deberá acadarse unha puntuación mínima da metade da puntuación total asignada nestas bases a cada un deles para a súa superación.

2. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

3. Exame de galego.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 4^o realizarase unha proba de nivel aos aspirantes que foran propostos polo tribunal, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

7º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

Tema 12.- O traballo social: concepto, fundamentos e principios: suxeito, obxecto e contido. Niveis de intervención.

Tema 13.- Proceso metodolóxico en traballo social. Correntes metodolóxicas. Etapas metodolóxicas. Proceso de planificación: aproximación á realidade social.

Tema 14.- Acción social. Concepto e etapas históricas. Política social. O estado de benestar. Modelos alternativos.

Tema 15.- Política social na UE (Unión Europea). A Carta social europea. O Fondo Social Europeo.

Tema 16.- Documentación básica e técnicas utilizadas no traballo social: características e finalidades.

Tema 17.- O traballador social como membro dun equipo interdisciplinar. Códigos de ética no traballo social en relación cos usuarios, coas institucións e outros profesionais.

Tema 18.- O municipio como base operativa para a prestación de servizos sociais. Evolución de acción social. Principios básicos e operativos para unha política de benestar social e calidade de vida.

Tema 19.- Recursos sociais e prestacións existentes no Excmo. Concello de Lugo.

Tema 20.- Organización dos servizos sociais do Excmo. Concello de Lugo.

Tema 21.- A Lei galega de servizos sociais (Lei 4/1993, do 14 de abril). Estrutura e contido.

Tema 22.- Organizacións non gobernamentais. Concepto. Tipos. Organización e coordinación coas distintas administracións.

Tema 23.- Servizos sociais: concepto, principios fundamentais, tipoloxía dos servizos, centros dos servizos sociais, modelo de servizos sociais.

Tema 24.- Declaración internacional de principios éticos do traballo social.

Tema 25.- Pensións non contributivas da Seguridade Social. Normativa vixente. Obxectivos. Tipos. Requisitos.



16 DEC. 2016



A Secretaría

M^r del Concello Susana Bouzas

Bases específicas asistente social

- Tema 26.- A Lei galega de familia, infancia e adolescencia. Dereitos da familia, infancia e adolescencia. Protección da familia.
- Tema 27.- Proceso de incapacitación. A tutela
- Tema 28.- Pensións contributivas da Seguridade Social. Normativa vixente. Obxectivos. Tipos. Requisitos.
- Tema 29.- A Lei sobre os dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social.
- Tema 30.- Servizos sociais especializados. Concepto. Competencias. Organización. Equipamentos.
- Tema 31.- Problemática da muller. Recursos. Requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de malos tratos.
- Tema 32.- Minorías étnicas. Necesidades e recursos. Aspectos demográficos. Problemáticas específicas e medidas para a integración social.
- Tema 33.- Terceira idade: concepto e aspectos sociais do envellecemento. Necesidades e recursos. Transeúntes: concepto, problemática, necesidades e recursos.
- Tema 35.- Minusválidos: concepto, problemática social e laboral. Necesidades e recursos. Certificado de minusvalía. Solicitud de recoñecemento e beneficios que achega.
- Tema 35.- Drogodependencias e alcoholismo: concepto, problemática social e laboral. Servizos e recursos.
- Tema 36.- Axudas individuais para o tratamento de drogodependencias en comunidades terapéuticas da Comunidade Autónoma Galega.
- Tema 37.- Os malos tratos na infancia. Definición. Tipoloxía. Factores de risco. O proceso de intervención perante o maltrato infantil.
- Tema 38.- O desemprego: a súa incidencia nos servizos sociais. O papel do traballador social.
- Tema 39.- A inmigración: concepto, problemática, necesidades e recursos.
- Tema 40.- Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Tema 41.- A animación sociocultural. Plan galego de inclusión social.
- Tema 42.- Fundamentos e obxectivos do Plan concertado para o desenvolvemento de prestacións básicas dos servizos sociais comunitarios nas corporacións locais.
- Tema 43.- Servizos sociais de atención primaria. Principios. Obxectivos. Competencias. Organización. Equipamentos. Prestacións básicas que garanten.
- Tema 44.- Regulamentación do SAF (servizo de axuda no fogar) da Comunidade Autónoma Galega e do Concello de Coristanco.
- Tema 45.- A marxinação social. Concepto, causa, clasificación e colectivos de marxinaados sociais. Pobreza e marxinação.
- Tema 46.- Saúde mental comunitaria: definición e características. Saúde mental positiva.
- Tema 47.- Renda de integración social de Galicia. Definición, requisitos, beneficiarios e prestacións económicas. Proxecto de inserción social.
- Tema 48.- Axudas para situacións de emerxencia social da Lei galega de medidas básicas para a inserción social.
- Tema 49.- Programa de atención ás persoas maiores dependentes a través do cheque asistencial.
- Tema 50.- Vivenda: recursos públicos para o acceso a unha vivenda
- Tema 51.- Programa de acollemento familiar para persoas maiores e minusválidos. Obxecto e finalidade. Beneficios e requisitos.
- Tema 52.- Apoio informático nos servizos sociais: SIUSS e MATIASS
- Tema 53.- A familia como obxecto de intervención no traballo social: concepto, estrutura e funcións. Modelo técnico de intervención.



Bases específicas asistente social

Tema 54.- Axudas de prevención e apoio a familias en situacións carencias graves para a preservación dos menores no seu medio.
Tema 55.- Traballo social e mediación familiar.

Coristanco, 16 de decembro de 2016

O Alcalde

Amancio Lavandeira Suárez

DILIXENCIA: para facer constar que o presente documento aprobose por Resolución de Alcaldía, de data

16 DEC. 2016



A Secretaría
M^a del Carmen Seoane Bouzas